



ASUNTO: RESOLUCIÓN QUE ACORDA O INICIO DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DO BUQUE EROS DOS. (ANTIGO FURABOLOS).

Por resolución desta Presidencia do 4 de xuño de 2015 foi declarado en situación de abandono o buque Eros Dos, (antigo Furabolos), de bandeira Panameña e número IMO 8604668. A resolución declarando ao buque en situación de abandono se emite previa tramitación do procedemento previsto na lexislación sectorial de aplicación, no que se deu trámite de audiencia ao representante da empresa armadora identificada por Mariña Mercante e a Mariña Mercante.

De acordo co previsto no artigo 128.4 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, a declaración de abandono do buque, sobre o que pesan créditos a favor desta entidade derivados dos custos da estancia en porto, determina que este pase a ser propiedade desta entidade pública, que poderá acordar o seu alleamento aplicando o seu produto ás atención propias da entidade,

A taxación do buque que se incorpora ao expediente calcula un valor residual do mesmo de 29.130 euros, polo que por aplicación do establecido no artigo 77 da lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, o seu alleamento deberá de efectuarse a través de poxa pública.

Á vista de canto queda exposto, e en virtude das competencias previstas no artigo 79 da Lei 5/2011, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 23. 5 da Lei 6/2017, de Portos de Galicia, delegadas polo Consello Reitor, esta Presidencia resolve:

PRIMEIRO: Autorizar o inicio do procedemento cara o alleamento do buque Eros Dos.

SEGUNDO: Aprobar o Prego de Condicións aplicable ao alleamento do buque mediante poxa pública que se xunta á presente resolución.

TERCEIRO: Nomear á Mesa da Poxa que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente da Mesa: O Director de Portos de Galicia (en caso de ausencia actuará como suplente o xefe do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica).

Vogal número 1: O Xefe do Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica (en caso de ausencia actuará como suplente a xefa da División de Contratación).

Vogal número 2: O Xefe do Departamento de Contabilidade e Tesourería (en caso de ausencia actuará como suplente a xefa do departamento de Xestión e Control Orzamentario)

Vogal número 3: A Xefa da Área de Explotación e Planificación (en caso de ausencia actuará como suplente o xefe do departamento de Planificación Portuaria).

Secretario: O Xefe de División da Asesoría Xurídica (en caso de ausencia actuará como suplente a Xefa da División de Contratación).

O que se traslada ao Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica para a tramitación que proceda.

Santiago de Compostela, a
O PRESIDENTE.
José Juan Duran Hermida.

08 OUT. 2018